



Obxecto:	Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque Eólico Estivadas
Concellos:	Agolada (Pontevedra) e Antas de Ulla (Lugo)
Promotor	Green Capital Power,SL
Remitido:	Servizo Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Clave:	IN408A/2019/17
Expte.:	03.I.593.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA3003/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 18.10.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación polo que se pon a disposición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, na páxina web da Xunta de Galicia, os documentos: *Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Estivada, en el término municipal de Agolada (Pontevedra) e Antas de Ulla (Lugo), enero 2021 e Proyecto Sectorial Parque Eólico Estivadas, enero 2021.*

De acordo co establecido no apartados 12 do artigo 33 da lei 8/2009, do 2 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, e no artigo 34.1 da Lei 5/2016, do 4 e maio, do patrimonio cultural de Galicia solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

ANTECEDENTES E FEITOS

Con data 02.07.2020 a directora xeral de Patrimonio Cultural emite informe sobre o *Documento de inicio. Parque eólico Estivada. Marzo 2020*, dentro do trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria. En dito informe establece a necesidade de contar cunha avaliación do impacto do proxecto sobre o Patrimonio Cultural.

Con data 10.07.2020 a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar á arqueóloga Lorena Vidal Caeiro, da empresa ZETA Arqueoloxía e Patrimonio, a intervención *Prospección Arqueolóxica para a Evaluación del Impacto sobre Patrimonio Cultural del Proyecto del Parque Eólico Estivadas*, (CT102 2020/452-0), segundo proxecto presentado pola sociedade Green Capital Power S.L. en data 15.06.2020.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E LEGAIS

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, do 01.12.2020)

A vista da documentación remitida, e en relación ao Patrimonio Cultural, pódense facer as seguintes consideracións:

Estudo de Impacto Ambiental

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto do PE Estivada de 36 MW de potencia total, que constará de 8 aerogeradores de 4,5 MW de potencia nominal, 127,5 m de altura de buxa e 145 m de





diámetro de rotor, e a súa infraestrutura asociada: apertura, preparación e acondicionamento dos camiños de acceso aos aeroxeradores, cimentación para os aeroxeradores, torre de medición de 127,5 m de altura, subestación transformadora 30/132 KV, plataformas de montaxe, e gabias para instalación de cableado eléctrico.

- A enerxía xerada evacuarase ata a SET PE Estivada 30/132 kV, a partir da que se evacúa mediante una LAAT 132kV, denominada *Solución Evacuación conxunta PE Zamorra, PE Estivada e PE Carballeda* (obxecto de proxecto independente) e que entronca coa procedente do PE Carballeda para ir ata a SET PE Turubelo 30/132 kV desde onde se evacúa conxuntamente coa doutros parques ata a SEC Silleda.
- Das catro alternativas analizadas (0,1,2 e 3) a elixida é a 3 que se considera a máis favorable dende o punto de vista ambiental e produce menos afeccións sobre o Patrimonio Cultural.
- Os accesos externos ao parque faranse desde a estrada N-640, atravesando o núcleo de Agolada, para tomar no pq 148+010 un vreiro existente que da acceso ao parque. Dentro da poligonal empregárase camiños existentes a acondicionar e vieiros de nova execución. O total de viarios do parque e de 10.304 m. (3.457 m de nova construción, 6.462 m de viarios existentes a acondicionar, e 445 m de viarios existentes que non necesitan acondicionamento).
- Os apartados 4.5- *Patrimonio Cultural y etnográfico*, 5.3.- *Descripción de los impactos ambientales*, remiten ao Anexo I do EslA onde se recolle os resultados da prospección arqueolóxica e a avaliación de impactos sobre bens patrimoniais situados a menos de 200 m das obras.
- O 7.- *Plan de vigilancia y seguimiento ambiental*, subapartado 7.2.7.- *Control arqueológico*, recolle a necesidade de realizar un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, execución de obra e de restitución dos terreos en todo o ámbito do parque eólico.
- O Anexo 02.- *Estudio de impacto e integración paisajística*, recolle o estudo de impacto visual sobre o Castelo de Pambre, concretamente dende a torre da homenaxe. Conclúese que a maior conca visual prodúcese cara o norte, situándose o parque eólico ao sur do castelo (os aeroxeradores non serían visibles dende o castelo). Na actualidade desde a Torre da Homenaxe vense os aeroxeradores do PE de O Careón a 4,7 km ao norte.
- No Anexo 01 presentase a memoria cos resultados da prospección arqueolóxica para a *Evaluación del Impacto sobre Patrimonio Cultural del Proyecto del Parque Eólico Estivada, ayuntamientos de Agolada (Pontevedra) e Antas de Ulla (Lugo)*, asinada pola arqueóloga Lorena Vidal Caeiro. Preséntase ficha individualizada dos bens (todos de carácter arqueolóxico) e proposta de medidas correctoras. A valoración do impacto sobre os bens afectados é a seguinte:

Código	Elemento	Axente de impacto e xustificación	Impacto
GA36020216	Mámoa 1 Monte de San Miguel de Vilanova.	A 98 m ao E do elemento a modificación de pista existente.	Compatible
GA36020217	Mámoa 2 Monte de San Miguel de Vilanova.	A 134 m ao E do elemento a modificación de pista existente.	Compatible
GA36020218	Mámoa 3 Monte de San Miguel de Vilanova.	A 128 m ao E do elemento a modificación de pista existente.	Compatible
GA36020219	Mámoa 4 Monte de San Miguel de Vilanova.	A 115 m ao E do elemento a modificación de pista existente.	Compatible
GA36020220	Mámoa 5 Monte de San Miguel de Vilanova	A 90 m ao E do elemento vial e gabia de cableado.	Compatible
GA36020221	Mámoa 6 Monte de San Miguel de Vilanova.	A 74 m ao E do elemento a modificación do viario de acceso.	Compatible
GA36020296	Mámoa Alto de San Miguel.	A 89 m ao E do elemento a modificación de pista existente.	Compatible
GA36020235	Mámoa 20. Monte de San Miguel de Vilanova.	A 101 m ao E do elemento a modificación de pista existente.	Compatible
GA36020243	Asentamento do Alto de San Miguel de Vilanova	A 87 m ao NE do xacemento, modificación de pista existente.	Compatible





GA36020077	Mámoa de Fontela Seca.	A 43 m ao S do elemento modificación da pista existente, e a 98 ao E do elemento un viario novo	Compatible
GA36020303	Mámoa de Queimado	A 169 m ao N do elemento, modificación da pista existente.	Compatible
Inédito	Túmulo 01 Mámoa do Chouso 1.	A 237 m ao E do xacemento modificación de viario existente.	Sen Impacto
Inédito	Túmulo 02 Mámoa do Chouso 2.	A 297 m ao E do xacemento. Modificación da curva en viario existente.	Sen Impacto
Inédito	Túmulo 03 Mámoa do Chouso 3.	A 303 m ao E do xacemento. Modificación da curva de viario existente.	Sen Impacto
Inédito	Túmulo 4 Mámoa de Fonte Blanca 1	A 112 m ao W do xacemento: viario modificado sobre pista existente e gabia de cableado na marxe mais afastada do xacemento.	Compatible
Inédito	Túmulo 05 Mámoa de Fonte Blanca 2	A 114 m ao W do elemento, modificación do viario existente, e gabia de cableado na marxen mais afastada do xacemento.	Compatible
RE01.	Posible túmulo Da Cima da estivada	A 215 m ao E do posible xacemento	Sen impacto.

- Medida correctora de xenérica: o control e seguimento arqueolóxico das obras, na fase de replanteo e remocións de terras.
- Medidas correctoras de carácter xeral para o conxunto das obras, aplicables en toda a área de incidencia do proxecto:
 - comunicarse con antelación ao equipo de arqueólogos encargado das obras a localización de posibles zonas de acopio ou préstamo, ou calquera obra non recollida no proxecto nin na planimetría,
 - revisión de todo o replanteo previo ás obras,
 - incluírase dentro da planimetría da obra todos os elementos do Patrimonio Cultural e as súas cautelas.
- Medidas correctoras de carácter xeral para os xacementos que poidan ser localizados na fase de replanteo o construción:
 - balizado de cada elemento antes do comenzo das obras,
 - sinalización dos elementos do Patrimonio Cultural e as súas cautelas na planimetría de obra,
 - prohibición da calquera remoción non controlada nas inmediacións,
 - restrición das obras no entorno dos xacementos ao proxectado,
 - control e seguimento de tódalas remoción nas proximidades dos xacementos.
- Medidas correctoras específicas para os bens arqueolóxicos:

Código	Elemento	Impacto	Medidas específicas
GA36020216	Mámoa 1. Monte de San Miguel de Vilanova.	Compatible	Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de cautela do xacemento.
GA36020217	Mámoa 2. Monte de San Miguel de Vilanova.	Compatible	Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de cautela do xacemento.
GA36020218	Mámoa 3. Monte de San Miguel de Vilanova.	Compatible	Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de cautela do xacemento.
GA36020219	Mámoa 4. Monte de San Miguel de Vilanova.	Compatible	Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de cautela do xacemento.
GA36020220	Mámoa 5. Monte de San Miguel de Vilanova	Compatible	Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de cautela do xacemento.
GA36020221	Mámoa 6. Monte de San	Compatible	Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de





	Miguel de Vilanova.		cautela do xacemento.
GA36020296	Mámoa Alto de San Miguel.	Compatible	Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de cautela do xacemento.
GA36020235	Mámoa 20. Monte de San Miguel de Vilanova.	Compatible	Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de cautela do xacemento.
GA36020243	Asentamento do Alto de San Miguel de Vilanova	Compatible	Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de cautela do xacemento.
GA36020077	Mámoa de Fontela Seca.	Compatible	Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de cautela do xacemento.
GA36020303	Mámoa de Queimado	Compatible	Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de cautela do xacemento.
Inédito	Túmulo 04. Mámoa de Fonte Blanca 1	Compatible	Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de cautela do xacemento.
Inédito	Túmulo 05. Mámoa de Fonte Blanca 2	Compatible	Control arqueolóxico presencial das obras dentro da área de cautela do xacemento.

Proxecto Sectorial

O *Proxecto Sectorial Parque Eólico Estivada, enero 2021*, estuda o ámbito de afección desde o punto de vista urbanístico e territorial.

- Nos apartados 3.- *Descripción del ámbito territorial, subapartado 3.2.- Patrimonio Cultural y Etnográfico* e no apartado 4.6.- *Protecciones urbanísticas y protecciones arqueológicas*, sinálase que os traballos de prospección arqueolóxica permitiron localizar elementos no entorno do proxecto e plantexar as medidas correctoras xerais e particulares para minimizar os impactos sobre ditos bens. Todos os aeroxeradores atópanse fóra das áreas de cautela de xacementos, aínda que os viarios de acceso ao parque, así como os de acceso aos aeroxeradores ES-01 e ES-03 farán necesario realizar actuacións nas áreas de cautela.
- No apartado 7.- *Análisis de compatibilidad estratégica, subapartado 7.1.1.- Sostenibilidade, Conservación del patrimonio natural y cultural*, sinálase que no deseño do parque eólico tívose en conta a localización dos bens patrimoniais, evitando as afeccións directas, especialmente naqueles casos nos que existen áreas de protección definidas. Asemade plantéxase a necesidade de realizar unha prospección arqueolóxica para determinar a posición exacta dos xacementos, valorar os impactos e definir as medidas para a súa protección. Durante a fase de obras realizarase un seguimento para evitar posibles afeccións en bens xa localizados.

Unha vez analizado os documentos pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- No apartado 8.- *Evaluación del Impacto* do Anexo 01 a avaliación sobre o xacemento Mámoa de Fontela Seca (GA36020077) no é correcta, xa que este elemento atópase a 43 m ao S da pista existente a acondicionar e a 98 m ao E dun pequeno tramo de viario de nova execución.
- Non se recolle o elemento Coto das Ferrerías GA360203169 (x:583403, y:4741218) que se atopa dentro da poligonal e a 225 m ao W dun viario a modificar.
- Cotexados os datos e a planimetría do *Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Estivada, en el término municipal de Agolada (Pontevedra) e Antas de Ulla (Lugo), enero 2021* e *Proyecto Sectorial Parque Eólico Estivadas, enero 2021*, compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto.

INFORME

Á vista do exposto na análise da documentación presentada e nas consideracións técnicas, se informa de xeito **favorable** os documentos *Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Estivada, en el término municipal de Agolada (Pontevedra) e Antas de Ulla (Lugo), enero 2021* e *Proyecto Sectorial Parque Eólico Estivadas, enero 2021*,





debéndose levar a cabo as medidas correctoras establecidas no Anexo 01 do EslA coas seguintes condicións:

- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identifícaranse os bens do patrimonio cultural que puidieran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (xacementos arqueolóxicos, hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- Revisado o plano de pendentes deberá verificarse en campo (previo ao inicio das obras) a presenza de posibles xacementos nas seguintes coordenadas x: 583347,y:4740627 e x:583526,y. 4740534. De confirmarse a existencia de bens arqueolóxicos, deberá avaliarse o impacto do proxecto eólico sobre eles, estableceranse as medidas correctoras oportunas (tendo en conta que non se poderán realizar ningún tipo de obra nas áreas de protección) e comunicarse á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Deberá incluírse no anexo 01 do EslA o xacemento Coto das Ferrerías GA360203169 (x:583403 y:4741218).
- As obras de adecuación da curva, así como as modificación do viario na área de protección do Mámoa de Fontela Seca (GA36020077) e do Asentamento do Alto de San Miguel de Vilanova (GA36020243) só se poderán levar a cabo mediante aporte de terras, non se poderá realizar escavación e movemento de terras. Asemade non se poderá realizar o tramo do viario de nova execución que discorre polo ámbito de protección da Mámoa de Fontela Seca (GA36020077), 98 m ao E.
- As obras de ampliación e modificación dos viarios existentes nas áreas de protección dos seguintes elementos:
 - Mámoa 1 do Monte de San Miguel de Vilanova (GA36020216),
 - Mámoa 2 do Monte de San Miguel de Vilanova (GA36020217),
 - Mámoa 3 do Monte de San Miguel de Vilanova (GA36020218),
 - Mámoa 4 do Monte de San Miguel de Vilanova (GA36020219),
 - Mámoa 5 do Monte de San Miguel de Vilanova (GA36020220),
 - Mámoa 6 do Monte de San Miguel de Vilanova (GA36020221),
 - Mámoa Alto de San Miguel (GA36020296),
 - Mámoa 20 do Monte de San Miguel de Vilanova (GA36020243),
 - Asentamento do Alto de San Miguel de Vilanova (GA36020235),
 - Mámoa de Queimado (GA36020303),
 - Túmulo 04 Mámoa de Fonte Blanca 1,
 - Túmulo 05 Mámoa de Fonte Blanca 2,só poderán levarse a cabo mediante aporte de terras, as gabias para instalación de cableado proxectadas nos ámbitos de protección de Fonte Blanca 1 e 2 deberán executarse pola marxe máis afastada. Os traballos realizaranse baixo control arqueolóxico presencial e continuo.
- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997). O proxecto deberá incorporar as medidas correctoras incluídas na Memoria de prospección arqueolóxica, incluída como documento independente no EslA. A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- No caso de identificarse novos bens arqueolóxicos:
 - deberá comunicarse inmediatamente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural,
 - avaliarase o impacto das obras sobre os eles e estableceranse as medidas correctoras oportunas,





- os concellos afectados deberán incluílos no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística e definir e cartografiar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada co parque eólico proxectado coma de zonas de amoreamento de materiais.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Rematada a totalidade das obras certificarase o estado final dos bens culturais.
- A partir dos resultados das actuacións arqueolóxicas e do traballo de campo a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.
- En relación co proxecto sectorial:
 - Deberá incluír os resultados da prospección arqueolóxica do Anexo 01 do EsIA.
 - Na planimetría de ordenación deberán reflectirse todos os cambios causados polas condicións impostas ao informe favorable do EsIA.
 - O Concello de Agolada (Pontevedra) e Antas de Ulla (Lugo), deberán integrar os novos bens patrimoniais nos seus catálogos urbanísticos.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

